



Xinkgo



Acierro



Carballo



Oliveira



Sequoia



Tileiro prateado



Teixo



Porta Faxeira



As Mariñas



Ramón de Valle-Inclán



Banco acústico



Eucalipto
(Árbore das e dos namorados)

No verán... investigamos a Alameda!

Moito presta pasear pola sombra cando vai calor! Este verán convidámosvos a coñecerdes unha das zonas verdes con máis interese de Compostela: a Alameda.

Se acompañades o apego Po neste paseo desde a Porta Faxeira, descubriredes algunhas das marabillas que agocha o parque: un banco para contar segredos, dúas mulleres de ganchete que foron moi populares na cidade, unha escritora que medita, un escritor con lentes...

Polo camiño ides visitar moreas de árbores: as que sempre estiveron por aquí coma o carballo ou o teixo, outras chegadas de lonxe coma a sequoia ou o tileiro prateado, unha mooolo antiga, o xinkgo, e mesmo algunha cunha historia especial, coma a árbore das e dos namorados: un eucalito enorme cunhas vistas espectaculares.

Nas fotografías podedes ver algunhas destas árbores. Para axudarnos a recoñecelas e localizalas, un conselliño: atopade as súas follas neste mapa antes de partirdes á aventura!

Para sabermos máis

- "Baralho das árbores na Galiza". Escola de Ensino Galego Semente
- "Guía verde de Santiago de Compostela". Alvarellos